

O III convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores non foi asinado pola CIG-Ensino

O pasado día 17 de xullo de 2018 asinouuse o III Convenio polas principais patronais do sector e as organizacións sindicais CCOO e UGT, sen acadar melloras laborais significativas e sen garantir nin o IPC real nin a recuperación da perda de poder adquisitivo acumulada estes últimos anos.



A CIG-Ensino non subscribe este III convenio por quedar moi alonxado das nosas reivindicacións iniciais e das pactadas, a posteriori, na plataforma social conxunta con CCOO e UGT, pois **as melloras que se producen son de pouca relevancia e peso para os intereses dos traballadores/as** (consistentes, a maioría, en adaptacións legais a normativas superiores, xa de obrigado cumprimento) aínda máis no contexto de recuperación económica, no que se vai asinar o convenio. O II convenio supuxo melloras moito máis significativas, asinándose noutro contexto radicalmente oposto, de plena crise económica.

As táboas salariais confirman a continua perda de poder adquisitivo dos traballadores/as do sector, ao non recoller unha cláusula de revisión salarial que garanta, neste período do novo convenio (2017 a 2021), o IPC real que se produza, ademais de non verse recuperado o IPC perdido nas táboas salariais do anterior convenio e que a CIG-Ensino xa non asinou en 2016. Tamén cabe a posibilidade

de que moitos traballadores/as non cobren os incrementos do Complemento Específico debido á continuidade dos contratos/convenios actuais ou das posibles prórrogas dos mesmos, en cuxos casos quedarían practicamente conxelados/as até que a administración e as patronais non os renoven. Por último, a diferenza salarial deste Complemento Específico entre traballadores/as de reforma e de protección, debería desaparecer, homologándoos a todos/as ao Complemento de reforma.

Sobre a xornada laboral hai unha mínima mellora, pasando de 1.771 horas anuais a 1.750 e de 39 horas semanais a 38.5h., moi alonxada das xustas e acordadas reivindicacións da parte social (recollíamos 37,5 horas semanais como máximo e 1.680 anuais).

A modo de resumo, resaltamos as principais modificacións de cara a este novo convenio, pouco significativas e a maioría delas adaptacións legais á normativa en vigor:

1.- Ámbito Temporal: de 2017 a 2021, abusivo, por longo prazo e poucas melloras.

2.- Salarios:

- O **Salario Base** terá unha **suba RAQUÍTICA do 0,5%** para cada un dos anos de 2018 a 2021, ambos inclusive. O 2017 con conxelación salarial.
- No **complemento específico** aplicárase un **incremento lineal**, de forma que se suben máis os salarios máis baixos, coas seguintes contías:
 - **Para REFORMA** incremento do actual complemento específico, sobre o de 2016 todos os anos, **de 10€ en 2018, 25€ en 2019, 45€ para 2020 e de 90€ para 2021**, é dicir, a suba total nos 5 anos é de 90€.
 - **Para PROTECCIÓN** créase un complemento lineal para todas as categorías de 25€ en 2018, 50€ en 2019, 75€ en 2020 e 110€ en 2021, é dicir, **25€ cada ano agás 2021 con 35€ de incremento.**

- Como xa dixemos, estes complementos están garantidos para todos/as, a partir do 2021. De 2018 a 2021 dependen de ser recollidos nos novos contratos públicos.

- Con estas subas salariais, **haberá categorías que non acadarán nin o mínimo acordado no IV AENC** (acordo Patronal e CCOO e UGT de “contención salarial”) que dende a CIG-Ensino calificamos de vergoñento e venda da clase traballadora.

3 - Permisos e licenzas:

- Estabéllese unha **nova licenza de 15 horas anuais para asistencia a médico, titorías ou acompañamento de familiares de 1º grao.**
- Todas comezarán a computar **a partir do primeiro día laborable.**
- Un día por voda **até 2º grao**, cando antes era até 1º.
- **Os días precisos para exames oficiais.**
- **O desprazamento por un permiso pasa de 4 días a 5.**

4 - A comisión paritaria terá máis mecanismos de control sobre a cláusula de descolgue e dótase dunha nova función de control dos pregos de licitación das administracións públicas, co obxectivo de defender a aplicación efectiva do convenio colectivo.

5 - Acordo de mantemento dos postos de traballo para os que veñan desempeñando a categoría de Educador, coas mesmas funcións e retribucións que marca o convenio para o devandito posto de traballo de Educador Social.

6 - Créase unha nova licenza non retribuída por asuntos propios cunha duración mínima dun mes e máxima de tres meses e que se poderá solicitar cada tres anos.

7 - Auméntase a reserva de posto de traballo para as excedencias por familiar a cargo, enfermidades graves e fillos menores de tres anos.

8 - A paternidade pasa a 5 semanas de descanso obrigatorio para o pai.

9 - Non se permitirá a utilización do vehículo propio para o traslado de menores e o uso habitual para o desempeño do traballo, así como o **uso do teléfono móbil con fins laborais.**

10 - Créase o complemento de dispoñibilidade e de garda localizada.

11 - Estabéllese a devolución dos festivos traballados que se compensen con días laborables. Tamén o relacionado con **nocturnidade.**

12 - A compensación económica por traslados permanentes pasa de 300 a 400€.

13 - Cobrarase o 100% nas IT que leven hospitalización.

14 - Redución de xornada por menores de 12 anos (antes eran 8 anos).

Desde a CIG-Ensino, entendemos que despois de 13 mesas (das 15 que houbo) de negociación intensas e tensas, logrando melloras e avances para o colectivo **é lamentable que as demais OO.SS (sobre todo CCOO, a maioritaria, con acordos fóra de mesa), se plegaran á patronal,** pois de manterse esta unidade sindical e de presión, poderíase ter avanzado moito máis, tal e como reivindica o sector.

Pero de novo as diferenzas de modelo sindical evidenciáronse nas mesas 14 e 15, e o pactismo e entreguismo destes dous sindicatos de bolígrafo rápido, fixo que se asinase un convenio á medida das patronais do sector, amarrando a moi longo prazo **unhas condicións laborais e salariais que non están á altura da profesionalidade e dos merecementos dos traballadores/as.**



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal